

AEAT

7/02/2024

Vista para sentencia a demanda da CIG contra a AEAT por vulneración de dereitos fundamentais

O xulgado central do Contencioso-Administrativo ven de declarar vista para sentencia a demanda interposta pola CIG contra a Dirección da AEAT por vulneración de dereitos fundamentais. O pasado mes de outubro a CIG, canda outras organizacións sindicais, presentamos recurso contencioso-administrativo para a protección do dereito á liberdade sindical fronte á *Resolución de 21 de septiembre de 2023, de la Presidencia de la Agencia Estatal de Administración Tributaria, por la que se convoca proceso selectivo para ingreso, por el sistema general de acceso libre y promoción interna, en el Cuerpo Superior de Inspectores de Hacienda del Estado.* (BOE 29 de septiembre)

A Dirección da Axencia Tributaria convocara mesa xeral de negociación para o 28 de setembro ás 9 da mañá, para tratar, coma punto único da orde do día, *"lo relativo a la selección, promoción y provisión del personal funcionario de la Agencia Tributaria perteneciente al Cuerpo Superior de Inspectores de Hacienda"*. Nese momento a Resolución impugnada xa estaba asinada pola Presidencia da AEAT, posto que ten data do 21 de setembro, polo que nesa mesa xeral de negociación non se ía negociar nada

Así as cousas, o 26 de setembro a CIG, entre outras organizacións sindicais, renunciámos a asistir a dita mesa xeral e comunicámolo por escrito posto que *"el punto único del orden del día ha de ser tratado en la Comisión Técnica de Seguimiento del Acuerdo de Carrera, debiendo tratarse en dicha mesa, además de la actualización de la carrera horizontal y vertical, la selección, los procesos de promoción interna y la provisión de puestos de todos los trabajadores de la AEAT"*. Malia non ter quorum para celebrar a dita mesa xeral, a Dirección da AEAT mantivo a convocatoria e reuniuse con GESTHA- organización corporativista dos técnicos de Facenda- informándoa do contido da Resolución que xa estaba asinada na altura e que sería publicada no BOE ao día seguinte da convocatoria da mesa xeral (29 de setembro)

Queda de manifesto a nula vontade de negociación da Dirección da AEAT dado que **na data en que a mesa xeral ía ter lugar, a Resolución non só xa estaba asinada, senón que xa estaba remitida ao BOE para a súa publicación** ao día seguinte. Resulta evidente a vulneración do dereito fundamental á liberdade sindical ao proceder deste xeito

Con este proceder, ademais de vulnerar a negociación colectiva, a Dirección da AEAT está a converter en papel mollado o Acordo de Carreira asinado en 2007, que é o instrumento de planificación dos criterios a seguir na promoción interna e exige que estes sexan negociados coa parte social no ámbito da AEAT.

Cuestionamos como CIG, en definitiva, que a Dirección da AEAT estea configurando dous modelos de carreira: o dos Inspectores, que non para, e o do resto, paralizado

Desde a CIG insistimos nas seguintes cuestións:

- Os criterios de promoción interna deben contemplar todo o persoal da AEAT. Para nós resulta inadmisíbel que sigan pretendendo tratar aparte e fóra do acordo de carreira o relativo ao subgrupo A1
- os cursos selectivos teñen que se impartir de maneira descentralizada e, no que sexa posíbel, telematicamente, para non desincentivar a promoción interna
- debe terse presente a antigüidade no subgrupo anterior á hora de promocionar, posto que resulta inadmisíbel pasar de AHP6 a CTH0, por poñer un exemplo
- as indemnizacións por residencia eventual e as dietas teñen que cubrir o 80% do custo no que non se fan os cursos selectivos fóra de Madrid e Barcelona
- para a CIG é unha liña vermella manter a reserva de localidade a quen promocioe ao C1 e de provincia a quen promocioe ao A2, posto que suprimilo prexudica ao funcionariado galego. Haberá que buscar mecanismos para a mobilidade dos A2 (co teletraballo é ben doado se a Dirección da AEAT quixera chegar a un acordo nese ámbito) e pensar unha reserva de provincia ou CCAA para os A1, pero non castigar a resto
- o material de promoción interna ten de estar actualizado e cunha dispoñibilidade mínima de 6 meses de antelación aos procesos selectivos para todos os subgrupos